

Fai do Camiño de Santiago o teu camiño da reciclaxe

3 Ago 2018



- Ecoembes puxo en marcha, por cuarto ano consecutivo, unha nova edición da campaña “Camiño da Reciclaxe”, que leva a cabo en colaboración coa Xunta de Galicia, La Junta de Castilla y León, O Goberno do Principado de Asturias, Cogersa e o Goberno de La Rioja.
- O principal obxectivo desta iniciativa é propiciar que os peregrinos teñan a oportunidade de reciclar os residuos de envases ao longo do seu traxecto, evitando que acaben arroxados na natureza.
- Os 400 ecoalbergues participantes no proxecto cobran aquí gran protagonismo ao converterse en puntos habilitados para que os peregrinos poidan separar os seus envases, dotándoos con bolsas específicas e proporcionándolles a información necesaria.

Cerceda, a 3 de agosto de 2018.- Por cuarto ano consecutivo, Ecoembes puxo en marcha unha nova edición da campaña “Camiño da Reciclaxe” (www.caminodelreciclaje.com [1]), un proxecto medioambiental que se leva a cabo en colaboración coa Xunta de Galicia, La Junta de Castilla y León, O Goberno do Principado de Asturias, o Consorcio para a Xestión de Residuos Sólidos de Asturias (COGERSA) e o Goberno de La Rioja, e cuxo obxectivo é precisamente propiciar que os peregrinos que percorren a ruta Xacobeá teñan a oportunidade de separar os residuos de envases ao longo do seu traxecto e depositalos nos contedores axeitados para facilitar o seu reciclado, evitando que acaben arroxados na natureza. Un xesto que, se ben resulta imprescindible en calquera escenario, moito máis no Camiño de Santiago por tratarse dun marco natural único.

E nesta iniciativa cobran especial protagonismo os albergues ao converterse no punto ideal para separar os envases. De feito, participan na mesma preto de 400 ecoalbergues (distinguidos cun selo identificativo) de Galicia, Asturias, Castilla y León e agora La Rioja, coa particularidade de que a esta edición incorporáronse hospedaxes do Camiño Portugués galego e do Camiño Francés rioxano, que se suman aos do Camiño Francés e do Norte, que participan na campaña desde o ano 2015 e 2017 respectivamente.

MEDIOS PARA RECICLAR

Os ecoalbergues contan cunha media de 2 a 4 puntos de reciclaxe amarelos (para envases de plástico, latas e briks) e azuis (para envases de papel e cartón), dotándoos igualmente con cartéis explicativos e guías. Ademais, os hospitaleiros xa recibiron un kit específico conformado por un felpudo de benvida (¡Benvido #ecoperegrino a un albergue sostible!), un distintivo de madeira, vinilos para colocar en distintos espazos do albergue con consellos e recordatorios para aforro de auga e luz, e un libro de rexistro con consellos e datas clave para o coidado do medio ambiente.

Fai do Camiño de Santiago o teu camiño da reciclaxe

Published on Sogama (<http://www.sogama.gal>)

Para acreditar a implantación destas medidas, un “peregrino misterioso” está visitando todos os albergues do proxecto para tomar boa nota das mesmas, procedendo Ecoembes a sortear unha mellora sostible para o albergue entre aqueles que o estean facendo correctamente.

Pola súa banda, o peregrino recibe un kit (repartiranse 165.000 unidades) deseñado para facilitar a reciclaxe de envases, estando conformado por unha bolsa plegable reutilizable coa que facer máis cómodo o transporte de residuos de envases entre albergues. Desde o pasado mes de xuño xa se entregaron 75.000 bolsas.

Camiño da reciclaxe naceu en 2015 e, desde entón, non parou de camiñar, reforzando a recollida selectiva de envases fóra do fogar.

A través de www.caminodelreciclaje.com [1], os peregrinos poden acceder a toda a información relacionada con albergues, descubrir consellos para facer un Camiño máis sostible ou ben coñecer a experiencia doutros peregrinos e ata ecohospitaleros que participan neste proxecto.

Fonte e imaxe: Ecoembes

Saúdos, Departamento de Comunicación



Source URL: <http://www.sogama.gal/gl/noticia/fai-do-cami%C3%B1o-de-santiago-o-teu-cami%C3%B1o-da-reciclaxe>

Ligazóns

[1] <http://www.caminodelreciclaje.com/>